

**COÑECER O PATRIMONIO
DESDE A INFANCIA,
COMPARTIR A PAISAXE OU
ADENTRARSE NA HISTORIA
SON ALGÚNS DOS OBXECTIVOS
DO PROGRAMA DE TURISMO
ESCOLAR QUE A DEPUTACIÓN
DA CORUÑA ORGANIZA CADA
ANO PARA ESCOLARES DE
ENTRE 3 E 16 ANOS.**

www.turismo.dacoruna.gal

f @Turismodac
@Dacturismo
@DACTurismo



TURISTAS DESDE A ESCOLA

A oferta inclúe cinco rutas que van da pegada romana no Mandeo ás testemuñas de pedra no castelo de Vimianzo ou as torres do Allo de Zas, pasando polo achegamento á tradición da oleiría en Buño ou a grandiosidade do dolmen de Dombate. Atravesar o corazón das Fragas do Eume, e marabillarse co mosteiro de Caaveiro ou percorrer o pazo de Mariñán e a casa de Wenceslao Fernández Flórez son algunhas das propostas dunha iniciativa da que cada ano gozan nenos e nenas cos seus centros de ensino.

O programa de turismo escolar supón unha iniciativa para dar a coñecer o patrimonio as novas xeracións, con itinerarios que son formativos e divertidos ao tempo, con experiencias singulares que formarán parte da súa memoria e contribuirán ao museo etnográfico da Capela, a ecoescola das Pontes, Santo André de Teixido en Cedeira, o castelo de Moeche, o museo

do Mar de Laxe, o museo do Humor de Fene, a ruta Pondalana, as fragas do Eume en Pontedeume, o muíño de mareas de Muros, a casa museo de Manuel Antonio ou a horta de froitas autóctonas en San Sadurniño son algúns dos setenta recursos que se incorporan á oferta despois de que a Área de Turismo da Deputación convidara aos concellos a sumar os seus recursos históricos, patrimoniais e naturais ao catálogo de Turismo Escolar que se lles ofrece aos distintos centros de ensino da provincia. O programa está dirixido aos centros escolares para que nenas e nenos coñezan o territorio e entren en contacto directo co entorno e co patrimonio existente nos seus 93 concellos.

Podes atopar información de todas as rutas na páxina turismo.dacoruna.gal.

Como exemplo, deixámosvos as máis demandadas:





A SORPRESA DAS FRAGAS DO EUME

Cada estación do ano chega cargada cunha inmensa variedade de sensacións. As paisaxes mudan de maneira máxica en cada tempo e para coñecer as diferentes paisaxes que nos ofrece a natureza ao longo do ano non hai nada mellor que engulirse nunha fraga que, neste caso, nos deparará moitas sorpresas. Nas fragas do Eume poderemos gozar con todos os sentidos de tan rica diversidade: as cores, os froitos, o rexurdir das flores, a caída da folla, a aparición de cogomelos... Se o espectáculo da natureza se complementa coa arquitectura popular existente no territorio como os muíños, as pontes, as corripas, etc a experiencia pode ser de gran proveito para a comunidade escolar. Con esta opción, temos a posibilidade non só de visitar unha parte das das fragas e o mosteiro de Caaveiro, situado nun lugar privilexiado, rodeado do do río Eume e do río Sesín e que ofrece unha panorámica de soño propia dun bosque máxico.

RITUAL E TRADICION

A experiencia transcorre entre o pazo das torres do Allo, un dos pazos máis antigos de Galiza, cun museo temático sobre a vida nel, e o castelo de Vimianzo, procedente do século XIII e moi ben conservado. Preténdese alcanzar unha visión conxunta do reflexo da pegada do ser humano, e os cambios na concepción das formas de vida desde épocas pasadas ata a actualidade.

O BOSQUE ANIMADO

A visita a dúas dúas vivendas impresionantes é o eixo desta proposta que nos permitirá facer unha viaxe no tempo e coñecer as formas de vida que albergaban estas edificacións de gran valor histórico e artístico. A casa de Wenceslao Fernández Florez e o Pazo de Mariñán abrennos as portas nesta opción de encontro coa historia e a natureza. No caso da Villa Florentina situada ao pé da fraga de Cecebre, atopámonos un espazo espectacular que chegou a inspirar a novela "O bosque animado", de Wenceslao Fernández Florez. No pazo de Mariñán atopámonos unha vivenda que marca un fío na comarca do século XVIII cun dos xardíns máis impresionantes que poidamos visitar.

CONCURSO DE TURISMO ESCOLAR

Poderán participar todas as persoas físicas con idade comprendida entre os **3 e 16 anos**, de calquera nacionalidade que formen parte dalgún dos centros escolares que **teñan realizado unha visita de turismo escolar**. Os traballos presentados deberán versar sobre unha visita turística realizada dentro do programa de turismo escolar da Deputación da Coruña, en formato **debuxo** (Infantil e Primaria) ou **traballo creativo** (Secundaria). Outorgarase primeiro e segundo premio para o mellor traballo; tamén o centro escolar do alumno/a gañador/a recibirá un premio pola súa participación.

Máis información: <https://turismo.dacoruna.gal>

ANÍMATE E PARTICIPA !!